

Unha débeda con Don Paco

[Xesús Fraga](#)

Nos inicios da Guerra Civil, [Francisco Fernández del Riego](#) recibía a diario unha chamada telefónica: «Señor Fernández del Riego, ¿sabe usted que está viviendo con permiso del enterrador?». Era o único que repetía a voz anónima. Contoumo moito despois, unha mañá na Fundación Penzol, pero o tempo transcorrido e a hospitalidade do seu despacho non diminuían o arrepiente da lembranza. Eran anos nos que o compromiso intelectual implicaba xogarse a vida. E Del Riego acumulara un historial que supuña serios riscos na guerra e na ditadura: demócrata, galeguista e aberto ao mundo, recoñecido polo seu intenso activismo, destrezas organizadoras, paixón e convencemento. Pero, a diferenza do que lle sucedeu a outros compañeiros de viaxe, o enterrador esperaba o que quedaba de século XX e dez anos máis, que Don Paco aproveitou sen pausa. Aplicouse na reflexión, consolidación e espallamento dun concepto elevado e ambicioso de Galicia dende un prolífico labor institucional —eido fecundo para o seu talento—, así como dende outro dos seus grandes proxectos, a Editorial Galaxia. Foi Del Riego quen teimou e turrou para que Cunqueiro rematase *Merlín e familia*, devolvéndoo efectivamente á escrita. O amigo foi estímulo e alicerce dese brillante período das nosas letras, pero ademais construíu unha obra de seu, concibida ao servizo do seu ideal e centrada no ensaísmo e no divulgativo, en libro e tamén nas páxinas de xornais coma este. Aquela mañá recibíume cos seus artigos sobre a viaxe con Cunqueiro a Inglaterra en 1966, sobre a que eu quería falar con el. «Don Paco, non me faría achegarme a Vigo para darme unhas fotocopias, verdade?». Entre risos, abriu a billa dos recordos, e así convocou á voz anónima e ao enterrador frustrados, mais tamén a personaxes luminosos, como o enviado da BBC para pór en marcha as emisións en galego, un encontro vixiado pola policía franquista, celosa de que se tratase dun espía. Como promotor do [Día das Letras Galegas](#), é de xustiza que se lle dedique o 17 de maio, pola súa obra e o seu afán, e así poderemos saldar —en parte— a enorme débeda contraída con el.